

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE APROBA O CALENDARIO DE RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ PARA O ANO 2027

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O procedemento de renovación dos permisos de explotación para o marisqueo xeral e os recursos específicos a pé están regulados na Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, na Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.

En cumprimento do disposto no capítulo III da Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé; así como no artigo 17.1 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, este departamento territorial,

RESOLVE

Aprobar o calendario que se detalla a continuación para a renovación dos permisos de explotación de marisqueo a pé para o ano 2027, e que se fará de acordo coas instrucións que se remiten no documento anexo a esta resolución.

Confrarías ou entidades asociativas	Prazo
Confraría de pescadores de Carril	Dende o 16/02/2026 ata o 16/03/2026, ambos incluídos
Confraría de pescadores de Vilaxoán	
Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa	Dende o 17/03/2026 ata o 28/04/2026, ambos incluídos
Confraría de pescadores de Cambados	





Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

Confraría de pescadores de A Illa de Arousa	Dende o 29/04/2026 ata o 01/06/2026, ambos incluídos
Confraría de pescadores do Grove	Dende o 02/06/2026 ata o 14/07/2026, ambos incluídos

Lugar de presentación: Xefatura Comarcal de Vilagarcía de Arousa

Confrarías ou entidades asociativas	Prazo
Confraría de Pescadores de Pontevedra	Dende o 16/02/2026 ata o 16/04/2026, ambos incluídos
Confraría de Pescadores de Raxó	
Confraría de Pescadores de Lourizán	
Confraría de Pescadores de Aldán	Dende o 16/02/2026 ata o 16/03/2026, ambos incluídos
Confraría de Pescadores de Portonovo	

Lugar de presentación: Xefatura Comarcal de Pontevedra

Confrarías ou entidades asociativas	Prazo
Confraría de Pescadores de A Guarda	Dende o 16/02/2026 ata o 16/04/2026, ambos incluídos
Confraría de Pescadores de Arcade	
Confraría de Pescadores de Baiona	
Confraría de Pescadores de Moaña	
Confraría de Pescadores de Redondela	
Confraría de Pescadores de Vilaboa	
Confraría de pescadores de Cangas	Dende o 16/02/2026 ata o 16/03/2026, ambos incluídos
Confraría de Pescadores de Vigo	

Lugar de presentación: Departamento Territorial de Vigo





Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

Prazo para novos permex: No caso das persoas ás que se lle outorgue o permiso de explotación despois dos prazos establecidos para cada entidade, remitirán a súa solicitude de renovación antes de que finalice o ano, no prazo que lle será indicado polo departamento da Consellería do Mar encargado da súa tramitación.

Para a súa tramitación, cada solicitude xunto coa documentación acreditativa que se indica no documento de instrucións anexo, deberá ser enviada ás xefaturas correspondentes e presentarse directamente ou a través das entidades asociativas do sector. Cada solicitude presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e o artigo 10.1. a) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Esta Resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web: <https://mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e das entidades asociativas do sector.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte da súa notificación á entidade correspondente, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento





Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

ANEXO

INSTRUCCIÓN XERAIS PARA A RENOVACIÓN DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO XERAL E RECURSOS ESPECÍFICOS A PÉ PARA O ANO 2027

1. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

- **Impreso normalizado PE401B e documento de representación**

As persoas titulares do permiso presentarán a súa solicitude de renovación a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, empregando o **impreso normalizado PE401B**, que se mantén actualizado e adaptado á normativa vixente, como refire a disposición adicional quinta do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.

Cando a persoa solicitante actúe designando a unha persoa representante para a tramitación do procedemento achegarase o formulario normalizado de representación (dispoñible en <https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>), que deberá ser asinado pola persoa representante e pola persoa outorgante da representación.

En todo caso, aínda que outra persoa física ou xurídica actúe como representante, tanto na solicitude como nas accións posteriores, a persoa que debe figurar como solicitante é a titular do permiso.

- **Pagamento da taxa**

Xustificante de **pagamento da taxa** correspondente, agás que o pagamento se realice de forma telemática.

O importe da taxa para a expedición ou duplicado de permisos de explotación a pé, tanto para marisqueo xeral como para recursos específicos segundo a normativa de taxas vixente é de 10,06 €.

2. ACREDITACIÓN DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE MARISQUEIRA

Deberase acreditar ter realizado unha actividade suficiente, entendendo por esta a que se realiza de modo efectivo durante un mínimo de:

1º- O 70% dos días da actividade laboral efectiva dentro do plan de xestión. A dita porcentaxe calcularase a partir da información da que dispón a Consellería do mar sobre as vendas realizadas durante o ano natural anterior á solicitude (ano 2025). Esta información será remitida a cada confraría/ entidade para o seu coñecemento.





Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

2º- O 95% dos días efectivos dos autorizados dentro do plan de xestión para as actividades de semicultivo necesarias, así como dos traballos de control, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, sempre que así estea recollido no plan de xestión aprobado.

3º- No caso dos recursos específicos deberanse cumprir as prescricións específicas do plan.

No caso de que unha persoa participe en varios plans de xestión, para renovar o permiso de explotación computarase o total dos días de traballo autorizados e que fosen efectivos para todos os plans en que se participe, sen que se poidan contabilizar días de actividade por duplicado.

No caso do recurso percebe, non se computarán como días de actividade efectiva aqueles en que se acredite que traballaron menos do 15% das persoas con permiso de explotación para percebe a pé.

- **Xustificación da inactividade**

Computará como día de actividade o tempo durante o cal a persoa titular permanecese inactiva por causa imprevisible ou inevitable debidamente xustificada, por violencia de xénero e por atoparse nalgunha das seguintes situacións protexidas pola Seguridade Social: incapacidade temporal, maternidade ou paternidade, por nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.

De ser o caso, deberán achegar aqueles **documentos que acrediten o tempo no que se permanece nalgunha das anteriores situacións**. No suposto de incapacidade temporal, recoméndase achegar un informe do seu médico de atención primaria da Seguridade Social, onde se indique a data de inicio e de finalización da situación de incapacidade temporal.

No caso das/os patroas/óns maiores, presidentas/es das agrupacións sectoriais e das federacións das confrarías, persoas que legalmente poidan substituílas ou nas cales deleguen expresamente, considerarase causa xustificada de inactividade o período de tempo empregado nos labores de representación, cando coincida co día de actividade de marisqueo. Deberase achegar **documento que o acredite e no que se fagan constar os días dedicados a esta actividade**.

- **Extracción de semente de mexillón**

Os días dedicados polas persoas mariscadoras á extracción de semente de mexillón computarán para a renovación do permiso de marisqueo a pé cando coincida cun día de actividade extractiva.

Para acreditar estas situación deberán achegar un **certificado da entidade titular do plan de xestión** en que fagan constar os días dedicados a esta actividade. O documento será asinado polo/a presidente/a da agrupación sectorial, de estar





Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

constituída, ou, en caso contrario, pola persoa representante da confraría ou entidade asociativa

- **Actividades de turismo mariñeiro e labores de control**

Os días dedicados polas persoas mariscadoras ás actividades de turismo mariñeiro e aos labores de control da actividade extractiva terán a consideración de días de actividade marisqueira, para os efectos de renovación do permiso de explotación a pé, e computarán para a dita renovación cando coincidan cun día de actividade extractiva.

Para acreditar estas situacións deberán achegar un **certificado da entidade titular do plan de xestión** en que fagan constar os días dedicados a esta actividade. O documento será asinado pola/o presidenta/e da agrupación sectorial, de estar constituída, ou, en caso contrario, pola persoa representante da confraría ou entidade asociativa

- **Actividades de semicultivo**

No caso de estar contemplado no plan de xestión aprobado, un **certificado da agrupación sectorial**, de estar constituída, selado e asinado pola/o presidenta/e da agrupación ou, en caso contrario, pola persoa representante da **confraría ou entidade asociativa**, para acreditar os días dedicados no ano 2025 ao **traslado de semente, limpeza de bancos marisqueiros ou demais actividades de semicultivo necesarias para a mellora da produción e os traballos de control, protección e vixilancia** dos bancos, sempre que estivese recollido no plan de explotación. Este certificado incluírá a información establecida no artigo 16.1b).2º da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos da Comunidade Autónoma de Galicia, e o recollido no artigo 12.3.b) da Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, no cal se fará constar:

1º As datas dedicadas pola persoa solicitante ás tarefas relacionadas anteriormente, expresando en todo caso os días e meses.

2º A información necesaria sobre o desenvolvemento das actividades, que permita calcular se a persoa solicitante cumpre a porcentaxe necesaria para renovar o permiso.

- **Prescricións específicas do plan**

Ademais, no caso dos recursos específicos, e de estar contemplado no plan de xestión aprobado, deberán acreditar mediante un **certificado da agrupación sectorial**, de estar constituída, selado e asinado pola/o presidenta/e da agrupación ou, en caso contrario, pola persoa representante da **confraría ou entidade asociativa** o **cumprimento das prescricións específicas do plan de explotación do ano natural**





Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

anterior recollido no artigo 16.1. a) da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Xustificantes de vida laboral e de prestacións sociais públicas**

Soamente será necesario presentalos no caso de oposición expresa á comprobación deses datos que aparecen no impreso normalizado.

- **Presentación de fotografías**

O Departamento Territorial ou a Xefatura Comarcal correspondente remitirá ás confrarías/ entidades a relación de persoas que necesiten entregar unha fotografía para a renovación da tarxeta.

3. SUSPENSIÓN TEMPORAL DA VIXENCIA DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN

A suspensión temporal da vixencia do permiso de explotación, nalgunha das situacións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos da Comunidade Autónoma de Galicia, e artigos 14, 15 e 16 da Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación de marisqueo a pé, deberá ser prorrogada anualmente xunto coa solicitude de renovación do permiso. Para isto, **deberán presentar ademais do formulario de solicitude de renovación, outro formulario de solicitude de suspensión**, é dicir, presentaranse dúas solicitudes PE401B independentes, unha co obxecto da renovación e outra co obxecto da suspensión. Ademais, terán que presentar a seguinte documentación:

- **Documentación que acredite a situación** de que se atopa nalgunha das situación recollidas nos artigos citados (esta documentación está establecida no artigo 23 da Orde do 30 de decembro de 2015 e no artigo 18 da Orde do 15 de xullo de 2011, dependendo da situación de que se trate).
- **Certificado da entidade titular do plan de xestión** no que se faga constar que a persoa solicitante está ao día coas obrigas como socia da confraría ou entidade á que estea asociada e/ou da agrupación sectorial na que esta integrada, de estar constituída.

4. NOVOS PERMEX

Deberán presentar a súa solicitude, xunto co pago da taxa establecida, antes de que finalice o ano en curso, segundo o prazo que lle será indicado polo departamento da Consellería do Mar encargado da súa tramitación.

